

LUGO

Anuncio

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuinte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadroamento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. O citado enderezo fiscal remitiránse todolos recibos do contribuinte.

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 20 de xaneiro e ata o 20 de marzo do ano 2017, ambos inclusive, pónse o cobro, en prazo voluntario, o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó cuarto trimestre de 2016

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránllles cargados nas contas bancarias respectivas o día 06 de febreiro de 2017

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránllles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o dia 20 de abril de 2017, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

A falta de pago no periodo voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuiente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidad Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 24 de xaneiro de 2017.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 0240

Anuncio

En relación co anuncio de licitación da **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN, FORMACIÓN E POSTA EN MARCHA DA SALA DE TIRO DO EDIFICIO DOTACIONAL DESTINADO Á POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE LUGO**. Expediente Ref: 31-2016, insertado no BOP núm 18 o luns día 23/01/2017, e habendose producido un error na transcripción da data da apertura das ofertas, por medio deste anuncio rectifíquese, quedando como segue o punto 9.d):

"9.- Apertura das ofertas.

d) Data e hora: ó terceiro día hábil ó remate do prazo de presentación de proposicións. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo."

Este anuncio non modifica a data límite de presentación de ofertas.

Lugo, 23 de xaneiro de 2017.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 0241

Anuncio

Con relación ao expediente instruido a instancia de D. Miguel Angel Gómez Vázquez, en nome e representación da Diócese de Lugo, para a regularización do Cemiterio Parroquial de San Lourenzo de Recimil, no que atinxe á súa autorización sanitaria, consonte o procedemento extraordinario disposto na Disposición adicional primeira do Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuaria de Galicia, e de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas, sométese o expediente de referencia á información pública durante o prazo de VINTE DÍAS hábiles, con obxecto de que por parte das persoas interesadas se poidan presentar as alegacións que estimen oportunas.